O PANO

CARACTERÍSTICA PRINCIPAL:
CORRER
XOGO CON MATERIAL:
SI

DESCRICIÓN

NOME DO XOGO:
O PANO
XEITO DE XOGO:
Fórmanse dous equipos numerándose correlativamente as/os membros de cada un.
As/os xogadoras/es colócanse detrás das liñas de fondo do terreo de xogo. Unha persoa dirixe o xogo e terma do pano, nun lateral da liña media entre as liñas de fondo. O xuíz ou a xuíza, que presenta o pano co brazo estendido, dirá un número. As/os xogadoras/es de cada equipo que teñan ese número correrán ate a liña central procurando coller o pano e escapar cara á súa liña de saída sen seren pillados pola/o contraria/o. Pero tamén se pode pillar ou tocar a/o contraria/o mentres este escapa co pano. Ademais pódese provocar que o contrario invada o teu campo antes de que teña pillado o pano. A persoa que non consegue levar o pano ao seu terreo, ben por ser pillada ou ben por invadir o campo contrario, queda eliminada. Inmediatamente, outra do seu mesmo equipo acumula o seu número. Perde o equipo que queda sen xogadoras/es.
VARIANTES:
Xogar a puntos, sen eliminar a ningunha persoa das que xoga. Neste caso, a puntuación podería ser a seguinte:
1 punto se colle o pano e escapa sen ser pillada.
2 puntos para quen pille a quen agarrou o pano.
3 puntos se colle o pano e atravesa o campo contrario sen ser pillada.
4 puntos se fai acenos de pillar o pano, provocando que a persoa que non o ten invada o campo contrario.
A partida pode ir a vinte puntos.
MATERIAIS E ESPAZOS:
Un **pano ou cinta relativamente longos e consistentes.**
O campo de xogo será un rectángulo de máis ou menos quince metros de longo, dividido por unha liña a 7,5 m de cada liña de fondo; estas terán ancho dabondo para estaren cómodos os membros de cada equipo.

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS

FORMACIÓN DE GRUPOS:
O número de participantes é indeterminado, se ben deben caber comodamente nas liñas de fondo que lles corresponden a cada equipo.
CARACTERÍSTICAS MOTORAS QUE DESENVOLVE:
FÍSICAS: velocidade.
ADAPTACIÓNS:
POR IDADE/CICLO: a partires dos 8 anos.
RELACIÓN CON OUTRAS MATERIAS :
- Matemáticas: cálculo mental.

OUTROS XOGOS SIMILARES NO MUNDO

Pañuelo (Aragón) - *Mocadoret* (Eivissa), *Mocador* (Catalunya), *Bandera* (Castela), *Lenço* (Portugal), *Fazzoletto* (Italia)...

DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA

Deseño: ABANA EVENTOS S.L.